



A última chapuza propiciada polo goberno do PP ven sendo a nefasta corrección dos exames para acceder a prazas de residencia en formación levados a cabo o pasado día 31 de xaneiro. Miles de reclamacións se teñen presentado xa a esa corrección, ao veren numerosas persoas afectadas como o corrector automático cambiaba as súas respostas correctas por outras que non o son. Chapuza total. Desde o Ministerio anunciaron que revisarían as reclamacións, e ante a presión das persoas afectadas, indican que van revisar os máis de 20.000 exames realizados en todas as especialidades.

Desde a **CIG-Saúde** queremos chamar a atención unha vez máis pola absoluta falta de competencia destes gobernos, que nos levan a situacións como esta, onde miles de persoas se ven prexudicadas e angustiadas por non saber se van ou non obter praza para a formación en residencia. Inda que se revisen, como afirman, todos os exames, qué garantía terá unha persoa das que participou neses exames de que van estar ben corrixidos?

Isto pasa pola absoluta improvisación coa que se conciben as cousas desde a Administración PP. Non lles importa a Sanidade Pública, nin o persoal que a forma, nin o que a vai formar. Só lles importa a ganancia das empresas amigas. O resto, pódese facer de calquer xeito, improvisando e parcheando, que ben vale desde o seu punto de vista.

Rematemos dunha vez con estas situacións desastre! Rematemos con quen quere esquilmar e desmantelar a Sanidade Pública!